


contos que curan

Un proxecto de biblioterapia infantil da biblioteca do Porriño



#3
timidez
e fobia
social



Concello do Porriño

O Porriño

o·noso·encontro

Contos que curan #3: Timidez e fobia social

Abril, 2026

Dirección, selección e textos:

David Pérez Rego

Edición:

Biblioteca Municipal do Porriño

R/ Domingo Bueno, 9

36400 O Porriño, Pontevedra

<https://bibliotecadoporrino.com/>

biblioteca@oporrino.org

Corrección e normalización lingüística:


Andrea González Pereira, Servizo de Normalización Lingüística do Porriño

Deseño e maquetación:

3doc

Dereitos:

DL VG 208-2026



Esta obra está baixo unha licenza Creative Commons CC BY-NC-SA 4.0 Es libre de reutilizar, distribuír, mesturar, adaptar e desenvolver este material en calquera medio ou formato, sempre e cando fagas referencia á súa autoría, non o utilices con fins comerciais e licencies o teu material baixo termos idénticos a este.




***“Nalgún lugar dun libro
hai unha frase esperándonos
para darlle sentido á existencia.”***

Miguel de Cervantes

The background of the image is a repeating pattern of stylized, light purple line-art illustrations of books. The books are shown in various orientations, some open and some closed, scattered across the entire white background.

**contos
que
curan**



O aumento dos problemas e trastornos mentais representa un desafío para o futuro da humanidade, e actuar en idade infantil resulta clave para atallalo. Todos os axentes sociais poden traballar neste obxectivo desde o seu campo de acción, facendo posible unha vida máis alentadora para os nosos nenos e nenas.

No que respecta ao ámbito das bibliotecas, estas teñen a oportunidade de colaborar coa biblioterapia: unha disciplina que usa os libros con finalidade terapéutica, e que nos últimos tempos está a demostrar o inmenso valor que a lectura pode ter no campo da saúde mental.

A biblioteca do Porriño, comprometida na construción social da súa comunidade, presenta este proxecto de biblioterapia infantil, “Contos que curan”: unha serie de boletíns temáticos que teñen como obxectivo axudar a previr, identificar e xestionar distintos problemas e trastornos infantís en nenos e nenas entre os 3 e 12 anos de idade.

Cada boletín ofrecerá un repertorio de contos de ficción seleccionados, clasificados e recomendados. Con iso pretendemos axudar a que familias, educadores/as e profesionais da saúde da nosa comunidade poidan realizar unha mediación terapéutica máis eficaz.


Con todo, esta colección non pretende desenvolver un tratamento terapéutico por si mesma, nin substituír a necesaria intervención de profesionais sanitarios, e non debería ser usada como substituta desa atención. Trátase dun proxecto realizado desde o ámbito bibliotecario por profesionais do libro e da lectura, afeitos buscar, seleccionar, clasificar e difundir información bibliográfica de calidade. Esas son as súas fronteiras, e recomendamos acudir aos/ás profesionais sanitarios/as, de ser o caso, para obter unha avaliación pertinente e un tratamento idóneo a cada situación individual.


#3 timidez e fobia social

A timidez infantil é unha emoción natural na infancia e pode ser un trazo máis da personalidade do neno ou nena. Adoita xurdir en contextos novos ou ante persoas descoñecidas, cando o menor se sente obrigado a interactuar con persoas alleas ao seu círculo de confianza. Entón é cando pode aparecer esa sensación de sentirse xulgado, o sentimento de inseguridade, incomodidade e vergoña que coñecemos como “timidez”.

Todos e todas estamos familiarizados cos síntomas desas situacións perturbadoras, porque as sufrimos como propias: dificultade para falar, nerviosismo, tensión muscular, aceleración do ritmo cardíaco, rubor, sudación, evitación da mirada, gana de fuxir... Lonxe de ser un defecto, a timidez é unha forma de responder con cautela á contorna, unha especie de barreira protectora que axuda o neno introvertido a moverse en sociedade. E por iso, a timidez non debe interpretarse como un problema para solucionar, senón como unha parte do temperamento persoal, que debe ser xestionada adecuadamente, permitindo que cada neno florezca á súa maneira: porque todos temos un ritmo diferente.

Con todo, cando a timidez limita o desenvolvemento persoal, impide facer amizades ou xera un malestar constante e extremo, é importante que os adultos os/as axudemos, acompañándoos/as con empatía, comprensión e paciencia, para que a timidez non pase a converterse nun trastorno serio, coñecido como “fobia social”. Forzalos a falar, ridiculizalos ou etiquetalos (“é moi tímido/a”) soamente reforzaría a súa inseguridade.





Porque non se trata de “curar” a timidez, senón de crear espazos respectuosos e cariñosos, nos que o neno ou nena se sinta seguro/a para informarse e expresarse, sen presión nin xuízos. Resulta fundamental que o adulto escoite, valide as súas emocións e lle brinde oportunidades para interactuar de forma gradual, para que comprenda que está a sentir, por que o está sentindo, e fomentar a súa autoestima. Se os nenos poden ensaiar outra forma de responder nesa contorna respectuosa, moitos poderán gañar confianza aos poucos e abriranse ás relacións sociais con naturalidade. Outros quizais non tanto, pero polo menos estas situacións complicadas deixarán de ser potencialmente traumáticas para eles/elas.

Para iso, unha ferramenta especialmente eficaz é a lectura compartida. Os contos que abordan a timidez ou o medo escénico permítenlle ao neno verse reflectido, comprender as súas emocións propias e descubrirse acompañado nelas. A través de personaxes que senten o mesmo ca eles, os nenos e nenas poderán descubrir e validar as súas emocións internas sen sentirse directamente expostos.

Neste número 3 de “Contos que curan” propomos unha ampla selección de historias protagonizadas por personaxes tímidos, que poden axudar a normalizar este tipo de emocións ou sentimentos a través de experiencias de descubrimento e recoñecemento persoal.

Esperamos que vos resulten útiles.

David Pérez Rego

The background of the image is a repeating pattern of stylized, light purple line-art icons of books. The books are shown in various orientations, some open and some closed, scattered across the entire white background.

**contos
que
curan**

Miss Tímida

de Roger Hargreaves

Ed. Laberinto, 2017

40 p.

ISBN 9788484839101

Idade recomendada: +3 anos

A protagonista deste pequeno conto é terriblemente tímida. Nin sequera sae da casa, nin vai á compra polo medo a entrar nunha tenda e pedir algo. Así, cultiva os seus propios alimentos na casa, e sempre se pon coma un tomate cando alguén lle dirixe a palabra. Pero as persoas caladas, como Miss Tímida, ás veces teñen as mentes máis ruidosas!

Este álbum pertence á colección “Little Miss”, un clásico da literatura infantil que destaca polas súas ilustracións minimalistas e divertidas. Cada unha das historias está protagonizada por un personaxe que encarna un trazo da personalidade, tratado de forma simpática e educativa. Así, ademais de Miss Tímida poderémonos atopar con Miss Cabezota, Miss Alegría, Miss Despistada...

O autor do libro, Roger Hargreaves, é un clásico da literatura infantil británica, en gran medida grazas aos seus personaxes Mr. Men e Little Miss. Os seus libros, con historias sinxelas e brillantes ilustracións de vivas cores, formaron parte da cultura popular británica durante máis de 25 anos, con vendas de máis de 85 millóns en todo o mundo en vinte idiomas distintos.

ROGER HARGREAVES

MR. MEN Y LITTLE MISS

MISS TÍMIDA



LABERINTO

Soy tímido

de Aurélie Chien Chow Chine

Ed. Bruño, 2019

32 p.

ISBN 9788469625538

Idade recomendada: +3 anos

O pequeno Gastón é un uniçornio moi especial: o seu cabelo cambia de cor segundo as súas emocións! Hoxe é o aniversario de Gastón, pero non está a pasar un bo día porque é un pouco tímido e non lle gusta ser o foco de atención. Pero quizais poida superar a súa timidez e gozar dun día tan especial.

Un libro precioso para os primeiros lectores, que pertence á colección “Las emociones de Gastón”. Nel defínese que é a timidez e explícanse cales son as súas causas. Inclúe un exercicio de visualización e respiración para traballar con esta dificultade emocional.

A autora é a ilustradora e psicoterapeuta francesa, Aurélie Chien, especializada en sofoloxía, unha ferramenta terapéutica baseada en técnicas de meditación e relaxación que aplica no seu consultorio parisiense, colexios e centros de lecer, axudando a nenos e nenas a xestionar mellor as súas emocións.

★ Las emociones de Gastón ★

SOY TÍMIDO



Aurélie Chien Chow Chine

 Bruño

Osito se siente tímido

de Garry Fleming

Ed. Todolibro, 2018

16 p.

ISBN 9788490379790

Idade recomendada: +3 anos

Un libro moi sinxelo para os nosos pequenos máis tímidos. A través de ilustracións coloridas, coñecemos a historia de Osito, que ás veces sente vergoña cando coñece xente nova. Cando todos os nenos están a xogar no parque, non se atreve a preguntar se pode unirse, e queda só. Pero tamén queda só cando lle fan unha pregunta e non pode responder. E nas festas de aniversario, e na clase... Ser tímido parece moi limitante...

Para Osito, a timidez é unha sensación como de bolboretas revoloteando no estómago, como nerviosismo, un rubor, como a preocupación de meter a pata diante de todos os demais. Só se sente seguro cando pode refuxiarse detrás da súa nai, que lle resta importancia ao problema: que non se preocupe, que todos somos tímidos de cando en vez e que se proba cousas, seguro que o pasará mellor.

Este conto pertence á colección "Osito se siente...", unha serie protagonizada por este entrañable personaxe que intenta explicar como nacen os sentimentos e as diferentes emocións que podemos sentir desde moi pequenos (como a felicidade, a bondade, a tristeza, etc.).



La Tortuga Taratuga es tan tímida que parece muda

de Carmen Villanueva
ilustracións de Paul Caballero

Ed. Fortuna, 2023


32 p.

ISBN 9788412745801

Idade recomendada: +3 anos

A pequena Tartaruga Taratuga podería xogar con todos os animais do bosque se non tivese tantos medos e non se preocupase tanto por meter a pata. Menos mal que ten unha cuncha onde pode agocharse, xa que lle dá vergoña relacionarse e séntese insegura. Pero o día que unha tormenta ameaza á fauna e deben escapar para salvar a vida, será Taratuga quen os salve. Entón superará a súa timidez e descubrirá todo o que pode achegar se non se agocha na súa cuncha.

Un conto interesante, cunha guía final para pais e nais e distintos consellos para nenos e nenas con problemas de timidez e fobia social. O libro pertence á colección “Terapicuentos”, unha serie de libros escritos pola psiquiatra infantil e psicoterapeuta Carmen Villanueva, coa colaboración da psicóloga e psicoterapeuta infantil Ibone Ruiz de Velasco. A colección está pensada para coidar e axudar a medrar aos nenos e nenas con algún conflito psicolóxico sen resolver, e servir de apoio aos seus pais. A través de pequenas fábulas protagonizadas por animais cos que se poden sentir identificados, intentan que os pequenos entendan o que lles pasa e que as lecturas poidan converterse en ferramentas de traballo para os terapeutas.



La tímida Willow

de Cat Min

Ed. Pijama Books, 2022


50 p.

ISBN 9788419135049

Idade recomendada: +3 anos

Willow é tímida, moi tímida. A súa casa é unha caixa de correos abandonada e ela prefire quedar alí dentro. Fóra, os nenos berran e os balóns de fútbol chocan, as árbores parecen monstros e a chuvia é tan forte que dá medo. É moito máis agradable quedar dentro, debuxando. Pero entón, un neno deixa caer unha carta na caixa de correos de Willow: é unha nota á lúa, pedíndolle un favor especial. Willow sabe que se non se atreve a saír ao mundo exterior, esa carta nunca será entregada e o neno nunca obterá o seu desexo. Poderá facelo?

Con ilustracións encantadoras, Cat Min crea un conto sobre a timidez, o poder da empatía e a importancia de facer amigos. Cat Min é unha autora, ilustradora, animadora e nai de xemelgos coreano-estadounidense. Cat creceu en Hong Kong, onde pasou a maior parte da súa infancia debuxando e creando cómics con papel de impresora e grampas. A súa paixón pola narrativa visual levouna a estudar animación e cinema na *Tisch School of the Arts* da Universidade de Nova York, e posteriormente completou o Programa de Residencia de Verán de Ilustración e Narrativa Visual na *School of Visual Arts* de Nova York. Tamén é membro de SCBWI, Women Who Draw e a Society of Illustrators de Nova York. Este é o seu primeiro libro ilustrado.



Los tímidos

de Simona Ciruolo

Ed. SM, 2021

32 p.

ISBN 9788413189284

Idade recomendada: +3 anos

Á escola do fondo do mar acode o alumnado de todas as especies marítimas. Tamén vai por primeira vez o polbo Mauricio, que empeza hoxe o cole, pero ten dificultades para integrarse porque non lle gusta nada chamar a atención. É moi tímido, a pesar de que cando ningún o mira encántalle bailar e expresarse corporalmente.



Un día convidano a un aniversario e, aínda que en principio non quere ir, a súa nai empéñase en que asista. Mauricio acudirá disfrazado para ocultarse e alí coñecerá a outro animal moi parecido a el: resulta que as persoas tímidas sempre acaban por recoñecerse entre a multitude... e xuntarse.

Un libro cheo de cor que narra unha historia sinxela. O álbum plasma as oportunidades que temos de aproveitar as circunstancias eventuais para superar as nosas inseguridades. Nota para os mediadores: animade aos pequenos e pequenas a descubrir onde se atopa Mauricio en cada páxina (a el gústalle pasar desapercibido...).

Simona Ciruolo é unha autora italiana nada en Sardeña, pero actualmente residente en Londres. Formada na Escola Nacional de Cine de Turín, e licenciada en ilustración de Libros Infantís en Cambridge, escribiu e ilustrou varios libros, incluído o superventas “Abrázame” (SM, 2016).

Timidez va de visita

de Violeta Monreal

Ed. San Pablo, 2019

12 p.


ISBN 9788428556170

Idade recomendada: +3 anos

Cunha trama moi sinxela e un personaxe único, esta pequena obra aborda o tema da timidez para mostrarlo aos máis pequenos dunha maneira amigable e comprensible, transmitindo unha mensaxe positiva sobre a aceptación e a importancia de saír da zona de confort para superar os problemas emocionais.

O libro forma parte dunha interesante colección (“El despertar de las emociones”) para traballar cos nenos sobre os valores emocionais. Unha serie protagonizada polos filins, personaxes que deben afrontar distintas peripecias para descubrir as súas primeiras emocións.

Violeta Monreal é unha escritora e ilustradora nada en Oviedo e licenciada en Belas Artes. Coñecida polo seu papel como conferenciante sobre a creatividade infantil, e pola súa técnica de ilustración, na que usa papeis rachados para compor imaxes de gran poder narrativo, nos seus libros crea personaxes únicos que nos falan de valores fundamentais como a confianza nas nosas ideas, o respecto á creatividade do outro, o valor da constancia ou a beleza do imperfecto.



Telmo es tímido

de Grace Chiu

Ed. SM, 2020

32 p.

ISBN 9788413188171

Idade recomendada: +3 anos

Ao elefante Telmo gústalle explorar a selva, ler e debuxar, pero é tan tímido, que non fala con ninguén e por iso non ten amigos. Pola contra, a elefanta Rita é moi extravertida: encántalle chamar a atención, divertirse e bailar, e é tan popular e ten tantos amigos que a Telmo lle encantaría ser coma ela. Pero como podería facelo? El intenta facer as mesmas cousas ca Rita, pero o de falar lévao fatal... Ata que descobre que a amizade é, sobre todo, compartir momentos.

Cunhas ilustracións moi coloridas e escrito con letra caligráfica, trátase dun conto sobre a timidez, a autoestima e o

valor da amizade para nenos prelectores pertencente á colección “Mis primeros cuentos” de SM. A súa autora, Grace Chiu, é unha ilustradora taiwanesa especializada en libros ilustrados, ilustracións editoriais e proxectos comerciais. Inspirándose na vida cotiá, captura momentos fugaces e transfórmaos en historias visuais con significado. Utilizando materiais como lapis de cores, acuarelas e pintura dixital, a súa obra busca conectar emocionalmente co público, resaltando a beleza dos momentos cotiáns e lembrándonos o noso potencial compartido para ser comprendidos.



Los tentáculos de Blef: vergüenza

de Eva Clemente

ilustracións de Guridi

Ed. Emonautas, 2019

48 p.

ISBN 9788494999956

Idade recomendada: +3 anos

Este libro forma parte dunha interesante colección protagonizada polo pequeno extraterrestre Blef, e dedicada a explorar e xestionar as emocións desde unha perspectiva de amor e respecto. A historia segue a Blef, un pequeno extraterrestre que desexa preparar unha torta para os seus avós. Con todo, fáltalle un ingrediente que só poderá atopar no cráter verde, o que o obriga a superar a súa timidez para conseguilo.

A autora, Eva Clemente, utiliza esta narrativa para axudar os nenos e nenas a recoñecer e manexar as súas emocións, neste caso, a vergoña. O libro inclúe unha guía didáctica con propostas prácticas dirixidas a mediadores, facilitando o seu uso en contornas educativas e familiares. Ao combinar unha historia atractiva con recursos educativos adecuados, o álbum representa unha ferramenta valiosa para o desenvolvemento emocional de nenos e nenas.

Eva Clemente é unha escritora e ilustradora nada en Barcelona que reside en Madrid desde hai varios anos. A súa paixón pola literatura e as artes plásticas levouna a enfocarse na literatura infantil. En 2015, cofundou Emonautas, unha editorial especializada en contos infantís que abordan a educación emocional e os valores de maneira amena e divertida. Desde 2018, Eva desempeña o rol de directora e editora da editorial, ademais de ser autora e ilustradora de trece libros.

Pola súa banda, as ilustracións son do imprescindible debuxante sevillano Guridi, un artista que traballou en distintas disciplinas das Belas Artes, pero sobre todo en ilustración infantil, converténdose, sen dúbida, nun dos mellores de España. Guridi regálanos obras como esta, onde a cor, as formas e a composición dos seus debuxos son un verdadeiro agasallo para os sentidos.

Los tentáculos de Blef Vergüenza



Eva Clemente

Incluye:
GUÍA DIDÁCTICA
+
FIGURAS
RECORTABLES

Caramelos mágicos

de Henna Baek

Ed. Kókinos, 2021

48 p.

ISBN 9788416126217

Idade recomendada: +3 anos

O protagonista desta historia é un neno solitario que se entretén xogando ás bólas. De súpeto, un día, atopa unhas bólas diferentes. Son caramelos! E ademais, máxicos! Come un e a poltrona fálalle. Proba outro e o seu can cóntalle que non xoga con el porque está canso. Despois chega o seu papá e sóltalle unha chea de ordes e reprimendas. O pequeno come outro caramelo e, entón, escoita que o seu papá lle di mil veces canto o quere. Mete na boca un rosa e escoita a súa avoa que está no ceo, quen lle aconsella que faga amigos e goce. Co último caramelo, a que se escoita é a súa propia voz convidando a outro neno a xogar.

O pequeno, a través da metáfora dos caramelos na garganta, descobre que non está só, que os demais lle falan e o queren, e que cando é el quen se atreve a falar, evoluciona e deixa atrás esa soidade para divertirse e compartir.

A autora e ilustradora coreana, gañadora do premio *The Astrid Lindgren Memorial Award*, compón un curioso, estraño e conmovedor relato arroupado por sorprendentes ilustracións, integrando rechamantes bonecos de papel maché fotografados. Deste xeito, a artista logra un efecto tridimensional e extraordinariamente expresivo. Cada emoción dos personaxes parece saír do libro en cada páxina.

É un álbum especial para os nenos aos que lles custa socializar, os que se senten, ás veces, marxinados polos seus pares ou pouco queridos. Seguramente, ademais, os nenos queren fabricar os seus propios personaxes con papel maxé, arxila, masa, plastilina ou calquera outro material. Un creativo recurso para xogar en familia ou no colexio. Un conto perfecto para entender que é importante escoitar os demais cun oído afinado, que non todo é o que parece e que cando un atopa as súas propias palabras, prodúcese a maxia: un cambia.



Conóceme

de Iru Expósito

Ed. Sallybooks, 2016

36 p.

ISBN 9788494606335

Idade recomendada: +3 anos

A familia de Maita está de mudanza, e a nosa pequena protagonista está moi nerviosa con este cambio. Na festa de aniversario da súa nova veciña, chamada Lúa, a pequena Maita comeza a sentirse superada: a súa enorme timidez impídelle relacionarse con toda esa xente que a rodea, nova e descoñecida. Pero Lúa botaralle unha man, con empatía e paciencia, e ambas as dúas descubrirán que teñen máis puntos en común do que pensaban. E así se converterán nas mellores amigas.

Un libro con pictogramas, en principio destinado a nenos e nenas con necesidades educativas especiais, principalmente con TEA. Así, as ilustracións e os textos do libro apóianse nun sistema de pictogramas que axudan á comprensión do resto de elementos e constitúen unha linguaxe en por si, facilitando a comprensión total do argumento da historia. Pero trátase tamén dunha obra que se pode adaptar perfectamente para traballar con nenos de toda condición, ao redor de temas como a timidez ou o medo ao descoñecido.

Iru Expósito é unha ilustradora tinerfeña que vive en Granada. Actualmente traballa nun espazo de *cowork* chamado *ErranT* que compaxina cos seus proxectos persoais de deseño gráfico e ilustración.

Conóceme

Iru Expósito



Mimí Tomatito

de Laure Monloubou

Ed. Bruño, 2013


40 p.

ISBN 9788421679623

Idade recomendada: +3 anos

Unha historia conmovedora acompañada de magníficas ilustracións, que convida a superar a timidez, o medo escénico e a vergoña. Mimí, a súa entrañable protagonista, é tan tímida que case non pode falar. No colexio todos a chaman "tomatito" porque se pon tan colorada con só oír o seu nome, que arroiba coma un tomate. Pero a súa profesora decide axudala, e un día proponlle ler un poema diante de toda a clase para que se expoña aos seus medos. Desta forma, afrontando a súa timidez, Mimí vence o seu temor inicial e consegue levar a bo termo a tarefa, para xúbilo do alumnado que aplaude e felicítala cariñosamente. Grazas a iso, Mimí poderá dar un paso máis na dirección de vencer o seu problema de timidez.

O conto foi publicado dentro do selo de Ed. Bruño, "Cubilete", un proxecto editorial que inclúe unha selección de divertidos e orixinais álbums magnificamente ilustrados, dirixidos a primeiros lectores. A autora é Laure Monloubou, nacida en París en 1976, pero crecida na zona do Jura, onde descubriu a súa paixón polo debuxo. Desde ese día non parou de debuxar. Formouse como ilustradora na Escola Emile Cohl de Lyon, onde actualmente reside.



Tímida

de Deborah Freedman

Ed. Bruño, 2017

40 p.


ISBN 9788469620762

Idade recomendada: +3 anos

“Tímida” era tan tímida, que vivía escondida entre as páxinas dos libros. Encantábanlle os paxaros, gustaríalle velos voar e oílos cantar, pero só lera sobre eles nos libros porque tiña tanta vergoña que non se atrevera a falarlles. Ata que aparece un paxaro de verdade. Morre por coñecelo, pero hai un problema: para facelo debe saír dos libros. E entón descubrirá un mundo asombroso...

Unha historia de gran beleza poética e cunha trama de superación persoal moi adecuada para traballar o tema da timidez cos máis pequenos. A protagonista é unha xirafa con tanta vergoña de enfrontarse ao mundo exterior que acabou conformándose co seu illamento. A curiosidade e a axuda dun bo amigo conseguirán que a xirafa amplíe o seu limitado horizonte vital. Un libro cunha doce conexión, que lle fala a todo neno que algunha vez sentise ganas de esconderse en lugar de enfrontarse ao abafador mundo.

A súa autora, a arquitecta e deseñadora norteamericana Deborah Freedman, nai de catro nenos e avoa de sete, creou numerosos libros ilustrados que se traduciron a dez idiomas, adoptáronse en aulas de todo o país e recibiron numerosas recensións destacadas, honras e premios, incluíndo o *Premio Crystal Kite* de SCBWI e un Premio de Ouro de *Parent's Choice*.



¿Qué hace un cocodrilo por la noche?

de Kathrin Kiss

ilustracións de Emilio Urberuaga

Ed. Kókinos, 1998

24 p.

ISBN 9788488342187


Idade recomendada: +3 anos

A historia segue a Coco, un cocodrilo tímido que goza bambeándose no parque durante a noite, cando ninguén o pode ver. Un día, unha nena chamada Paula descobre as pegadas de Coco e, a pesar das burlas dos seus amigos, decide buscalo. Ao atopárense, Coco e Paula establecen unha amizade que lles ensina a importancia de equilibrar momentos de soidade e compañía.

O libro aborda temas como a amizade, a soidade e o respecto polas diferenzas, transmitindo a mensaxe de que hai un tempo para a soidade e outro para a amizade. Recomendado para nenos e nenas a partir de 3 anos, este conto ofrece unha oportunidade para dialogar sobre a importancia da amizade e a aceptación das diferenzas.

A autora é Kathrin Kiss-Elder, escritora nada en Alemaña cunha infancia entre Nixer e Alxeria. Fotógrafa, escritora desde moi nova, estudante de psicoloxía e literatura e formadora de adultos, en 1997 publicouse o seu primeiro libro infantil seguido por outros dez libros sobre temas diversos como a aprendizaxe ou a creatividade na arquitectura, todos en editoriais recoñecidas. En 2012 funda *KSP!*, a Escola de Creatividade de Colonia. Desde entón, traballa cun número crecente de excelentes artistas, pintores, fotógrafos e poetas para transmitirles ás persoas que a arte é importante para todos.

As ilustracións do multipremiado ilustrador madrileño, Urberuaga, complementan a narrativa de Kathrin con cores vivas e expresivas, reflectindo as emocións dos personaxes e enriquecendo a experiencia de lectura.



El elefante Alberto aprende a confiar en sí mismo

de Louisin Nielman
ilustracións de Thierry Manès

Ed. SM, 2019

32 p.

ISBN 9788491825685

Idade recomendada: +3 anos

Alberto é un pequeno elefante que se sente tímido e inseguro, polo que prefire xogar só antes que interactuar con outros animais. A súa nai, preocupada polo seu benestar, bríndalle apoio e orientación para superar os seus medos e gañar confianza en si mesmo.

Este relato busca facilitar que os nenos e nenas comprendan e enfrenten as súas propias inseguridades e temores. Ao final do libro inclúese tamén unha nota para mediadores, con pautas sinxelas para acompañar a lectura cos nenos nun ambiente relaxado, fomentando conversacións sobre o tema.

O libro forma parte da colección “Emociones”, deseñada para axudar a que nenos e nenas identifiquen e xestionen os seus sentimentos. A autora é a psicóloga clínica francesa Louisin Nielman, profesora de secundaria que continuaría os seus estudos universitarios para converterse en psicóloga clínica nun servizo de atención que acolle nenos con discapacidade. Aos corenta e uns anos, coa súa experiencia á súa disposición, decidiu ir máis alá e probou sorte nas editoriais, movida pola única esperanza de algún día facer soñar os nenos, espertalos, ás veces acougalos, e sobre todo facelos viaxar. Froito diso é un nutrido conxunto de obras para nenos e adolescentes.

As ilustracións son obra do francés Thierry, ou *Téhem*, como é coñecido no mundo do cómic, autor con fortes vínculos coa illa de Reunión, profesor de artes plásticas antes de dedicarse plenamente ao debuxo e a ilustración.

COLECCIÓN EMOCIONES

EL ELEFANTE ALBERTO APRENDE A CONFÍAR EN SÍ MISMO

LOUISON NIELMAN Y THIERRY MANÈS



Edmundo


de Ingrid Chabbert
ilustracións de Guridi

Ed. Kókinos, 2015
32 p.
ISBN 9788416126217
Idade recomendada: +3 anos

Edmundo era un ser moi tímido que vivía agochado na natureza. Gustáballe pasar desapercibido debido á súa timidez, e por iso era capaz de camuflarse na contorna e gozar abondo cando se facía de noite e podía ser totalmente invisible.

Un día, Edmundo descobre un ovo branco entre a maleza, un obxecto totalmente oposto a si mesmo. Pero como ten moi bo corazón, decide coidalo, incubalo e protexelo coma se fose seu. Pasado un tempo, daquel ovo nace un paxariño que iluminará a vida de Edmundo: ditoso, sentirá a delicia de ser acompañado, e xa non quedará nada daquel ser tímido e esquivo. Pero o paxariño farase maior, e un día coñecerá a súa nai e marchará con ela voando. E Edmundo quedará só e triste... Ata que un novo encontro lle demostrará que nada é para sempre, nin sequera a soidade.

Unha historia entrañable, que nos fala sobre o poder do amor para vencer a soidade e o illamento. A historia é obra da francesa Ingrid Chabbert, editora, guionista de cómics e autora de máis de cen títulos publicados con diversas editoriais. Pola súa banda, as ilustracións son do imprescindible debuxante sevillano Gudiri, un artista que traballou en distintas disciplinas das Belas Artes, pero sobre todo en ilustración infantil, converténdose, sen dúbida, nun dos mellores de España. Guridi regálanos obras como esta, onde o colorido, as formas e a composición dos seus debuxos son un verdadeiro agasallo para os sentidos.



¿Quieres ser mi amigo?

de Amy Hest

ilustracións de Jenni Desmond

Ed. NubeOcho, 2019

40 p.

ISBN 9788417673109

Idade recomendada: +3 anos

Lola e Simón son veciños, pero nunca se saúdan. Lola pensa que o seu veciño Simón está só, quen podería ser o seu amigo? Simón pensa que a súa veciña Lola está soa, quen podería ser o seu amigo? Unha noite os dous ven unha estrela fugaz.

Unha tenra historia sobre a amizade, para entender como a vergoña nos limita á hora de establecer relacións sociais e como os prexuízos nos poden facer malinterpretar os sentimentos reais das persoas. A historia de dous veciños demasiado tímidos para saudarse, aínda que desexen facelo. Que llo impide? Seguramente a inseguridade, o autocuestionamento, a baixa autoestima, pensar que un non está á altura dese contacto, ou que a outra persoa non está polo labor de intimar.

Naturalmente, ambos os dous protagonistas están equivocados, e un suceso insólito motivará que establezan o seu primeiro contacto. Vencida a timidez, a relación desenvolverase con feliz naturalidade, e ambos os dous chegarán a ser excelentes amigos.

Amy Hest naceu en Nova York, e durante os anos setenta exerceu como bibliotecaria infantil na biblioteca pública desta cidade. Máis tarde converteríase nunha prolífica e exitosa autora de libros infantís, recibindo varios premios por iso, entre os que destaca o prestixioso premio Christopher (que xa gañou tres veces).

Pola súa banda, Jenny Desmond é unha artista visual, autora e ilustradora de máis de vinte libros, recoñecidos entre os mellores libros do ano en publicacións como The New York Times, Publishers Weekly, The Guardian, Huffington Post, Brainpickings ou The Washington Post. En 2016, obtivo a bolsa Sendak, e o seu libro de non ficción, "The Polar Bear", foi galardoado co premio ao mellor libro ilustrado do New York Times. Foi nomeada dúas veces á Medalla Kate Greenaway.



Valeria

de Margarita del Mazo
ilustracións de Ester García

Ed. Cuentos de Luz, 2021

24 p.

ISBN 9788418302206

Idade recomendada: +3 anos

Valeria é unha pequena coelliña á que lle encanta aprender e ir á escola. Pásao en grande contando con todos os dedos da súa man e dicir en voz alta os nomes das cores que conforman o arco da vella. Con todo, Valeria é moi moi tímida e por iso tenta chamar a atención o menos posible e falar baixiño para que non a oian. Non sabía o poder que tiña a súa risa e suxeitábaa con firmeza para non deixala escapar, nin tampouco coñecía a forza que levaban o seu bico e o seu abrazo, por iso os mantiña ben gardados.

Valeria sempre camiñaba mirando para o chan e por iso nunca tropezaba! Coñecía a todos os seus compañeiros de clase non polas súas caras... senón polos seus zapatos! Pero cando menos o esperaba, o seu inseparable chapeu bota a voar, e entón Valeria vese obrigada a botar a vista cara arriba e contemplar todo o que perdeu ata ese momento.

Ás veces o medo e a timidez íllannos do mundo. Esta fermosa historia, impresa en papel de pedra, lémbra-nos a importancia de crer nun mesmo e na verdadeira amizade. Escrita pola toledana Margarita del Mazo, licenciada en Dereito, aínda que reconvertida en narradora infantil, tamén imparte obradoiros de narración, escritura creativa, animación á lectura, teatro para nenos etc. Colabora con institucións como o Instituto Cervantes, o Museo Nacional Reina Sofía, o Museo ABC, o Museo Thyssen, a Comunidade de Madrid, a de Castilla-La Mancha, o Centro Andaluz de las Letras ou a Casa do Lector (Matadero). O seu primeiro libro saíu ao mercado en 2009 e desde entón leva publicados decenas libros, algúns dos cales foron traducidos ata en doce linguas. Moitos dos seus libros recibiron premios nacionais e internacionais de gran prestixio.

Pola súa banda, a ilustradora española Ester García, de Cáceres, é licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, trasladouse a Madrid para continuar os seus estudos de Deseño no Centro Profesional de Novas Tecnoloxías (CICE) e converterse en ilustradora profesional. As súas obras foron premiadas en distintos certames nacionais e internacionais.



Unha burbulla de timidez para Fidel

de Kochka

ilustracións de Sophie Bouxom

Ed. Picarona, 2020

32 p.

ISBN 9788491453468


Idade recomendada: +4 anos

O pai de Fidel atopou traballo noutra cidade, e a familia ten que mudarse. Pero a Fidel non lle fai ningunha graza ter que cambiar de casa, de barrio e de colexio. Está triste porque non pode meter nas caixas de mudanza os seus amigos e a súa profesora Verónica... Tamén está intranquilo: como será capaz de facer novos amigos entre xente totalmente descoñecida? Porque Fidel é moi tímido, e este cambio tan drástico na súa vida parece que o encerrará máis na súa burbulla de illamento.

O libro pertence á magnífica colección de xestión emocional, "Cantas emocións!". Esta colección conta co asesoramento da psicóloga Louison Nielman, incluíndo interesantes consellos para que familias e mediadores poidan usar estes contos como unha estupenda guía biblioterapéutica.

Outro libro da coñecida autora libanesa de ascendencia francesa, K. Kochka. Exiliada en Francia debido á guerra no seu país e graduada en Dereito, a súa vida cambiou radicalmente cando se cruzaron no seu camiño catro nenos. Entón descubriu a súa paixón pola literatura infantil, renunciou ao seu traballo de avogada e comezou a escribir, publicando ata a data máis de 40 libros para nenos e adolescentes.

Pola súa banda, Sophie Bouxom é unha ilustradora francesa que traballa habitualmente con proxectos de publicidade, prensa e edición, pero que tamén ten experiencia en artes decorativas. Cun estilo influenciado polo de artistas como Kay Thompson, Pierre ou Eric Veillé, os seus traballos foron publicados por editoriais francesas de prestixio como Actes Sud Junior, Marabout ou Flammarion.



El oso tímido

de Irena Trevisan
ilustracións de Susy Zanella


Ed. Sassi, 2020

32 p.

ISBN 9788418127403

Idade recomendada: +4 anos

Ao pequeno osiño gustáballe estar só. Cando se atopaba con outros osos sentíase estraño: tiña ganas de agocharse, facíase un nó na gorxa e poñíase todo colorado. Por iso evitaba o resto dos animais, que o cualificaban de “tímido”. O osiño non sabía que significaba aquela cousa e decidiu ir buscala, primeiro no seu corpo e despois por toda a selva. Preguntando, preguntando, acabou por decatarse de dúas cousas: primeiro, que falara con moitos animais sen que pasase nada malo; e segundo, que cada persoa pode experimentar emocións distintas. Todos somos diferentes, todos somos iguais.



Unha historia delicada e entrañable sobre a aceptación das emocións persoais e sobre como podemos aceptar quen somos, as nosas propias emocións, particulares e valiosas, se entendemos o importantes que son. As nosas emocións debuxan a nosa personalidade, e aprender a vivir con elas supón aprender a expresar os nosos sentimentos con confianza. Como osiño.

Un león dentro

de Rachel Bright

ilustracións de Jim Field

Ed. Edelvives, 2017

40 p.

ISBN 9788414010563

Idade recomendada: +4 anos

Un conto divertido, intelixente, con texto rimado e unhas ilustracións espléndidas. Unha obra de arte da literatura infantil, como todos os libros desta parella de autores polos que teño un aprecio especial: encántanme todas as súas historias, como mediador de lectura, como bibliotecario e como lector. Todas son recomendables.

O protagonista de “Un león dentro” é un pequeno rato coa autoestima polo chan, porque é ignorado polo resto da fauna africana. Todos admiran o león, o clásico rei da sabana. O noso protagonista pensa que o motivo é o ruxido, e imaxina que se consegue facerse oír da mesma forma polo resto, quizais puidese ser merecedor de respecto. Ai, pero para conseguir esa meta deberá vencer o seu medo, achegarse ao imponente león e suplicarlle axuda “pedagóxica”.

A través desta experiencia o ratiño aprenderá varias cousas: primeira, que loitar por unha meta propia resulta sempre positivo; segunda, que todos temos algún medo interior que nos pode paralizar, chegado o momento, pero todos temos tamén un valoroso león dentro; e terceira, que é máis importante a amizade verdadeira que a opinión do resto.

Rachel Bright é unha autora e ilustradora inglesa residente en Dorset. Especialista en arte polo New College, formada en deseño gráfico na Universidade de Kingston e en gravado pola Universidade de Bristol, escribiu máis de vinte e catro libros, vendeu máis de tres millóns de copias e foi traducida a máis de corenta idiomas. Pola súa banda, Jim Field, nacido en Airshow (UK) e residente na campiña francesa, é un artista multifacético que traballa en deseño de personaxes, dirección de animación e publicidade, aínda que destaca principalmente polo seu labor como ilustrador, destacando as súas colaboracións con Bright ou con J.K. Rowling, para quen ilustrou o famosísimo conto “El cerdo de Navidad”.



Me da (un poco de) vergüenza

de Anna Milbourne
ilustracións de Asa Gilland

Ed. Usborne, 2024

24 p.

ISBN 9781805319320

Idade recomendada: +4 anos

Á pequena protagonista desta terra historia cústalle saudar os demais e non se anima a xuntarse co resto dos nenos para xogar. Con todo, cando se atreve a compartir os seus sentimentos, descobre que todo o mundo pode sentir vergoña, coma ela, mesmo o seu irmán maior pode sentir timidez! Grazas a este convencemento, a protagonista aprenderá un truco para controlar o seu temor ante os demais: observar ao seu redor, e darse de conta de que calquera neno que observe podería converterse potencialmente nun amigo maravilloso.

A autora do texto, Anna Milbourne, foi criada entre o noroeste de Inglaterra e Alemaña, e estudou Literatura Alemá e Filosofía na Universidade de Oxford. Ao chegar a Londres conseguiría o traballo dos seus soños en Usborne Publishing, escribindo libros para nenos. Desde 1998, escribiu máis de cen libros sobre diversos temas, desde as marabillas da natureza ata historias de pingüíns curiosos e nenos enxeñosos.

Pola súa banda, Asa Gilland é unha ilustradora sueca que vive en Indonesia nunha pequena casa debaixo dunha xigantesca árbore de buganvillas. Estudou deseño de interiores na *Accademia Italiana Arte Moda Design* de Florencia e pasou moitos anos como deseñadora gráfica antes de dedicarse ao seu amor pola ilustración e os libros ilustrados. Traballa cunha combinación de medios tradicionais e dixitais, inspirándose na mestura de culturas do mundo que a rodea. Os personaxes dos seus libros infantís reflicten a rica diversidade da súa propia experiencia e publicou numerosos libros para diversas editoriais anglosaxoas.



Gustavo, el fantasma tímido

de Flavia Z. Drago

Ed. Edelvives, 2020

38 p.


ISBN 9788414025574

Idade recomendada: +4 anos

O protagonista deste conto é un fantasma tímido cunha vida triste e solitaria. Está namorado de Alma, pero é tan vergonzoso que non se atreve a establecer contacto con ela. Decidido a cambiar, un día consegue expresar os seus sentimentos valéndose dunha ferramenta que coñece moi ben: a música. Unha música chea de expresividade e sentimentos.

Un relato cheo de humor e ambientado nun mundo fantástico. Unha historia sobre as inseguridades, a amizade, e a música como ferramenta para superar os malos momentos. Por riba, unhas magníficas ilustracións, moi coloridas, con forte influencia da iconografía mexicana. Este álbum expón como a arte pode ser usada como medio de expresividade para vencer a timidez: porque a arte en xeral, e a música en particular, son excelentes recursos comunicativos.

Este libro representa o exitoso debut literario (supervendas #1 do New York Times) da novísima Flavia Zorrilla Drago, autora nada na Cidade de México e que vive de a cabalo entre a capital mexicana e Inglaterra. Apaixonada polas cores, as texturas, e esa deliciosa visión amable do terror tan arraigada na cultura mexicana, e tan propia do xénero gótico, gústalle ilustrar con diferentes materiais usando despois ferramentas dixitais para recrear magníficas ilustracións. Cada unha delas podería ser enmarcada e exposta.



¡Más alto, Leonard!

de Jessie James

ilustracións de Tamara Anegón

Ed. DK, 2022

32 p.

ISBN 9780241583432

Idade recomendada: +4 anos

O pequeno Leonard é bastante vergonzoso, fala moi baixiño e ás veces pasa totalmente desapercibido ante o resto. Iso provoca que perda moitas cousas que puidesen gustarlle e divertirlle, como pedir a súa comida favorita, sumarse aos xogos do grupo ou ser o primeiro respondendo na clase. Ata que un día, no recreo, observa que alguén se está metendo cun amigo seu. Leonard terá o valor de facerse oír, esta vez para defender o seu amigo?

Un conto con mensaxe, que fomenta a empatía e a confianza nun mesmo e axuda a entender a importancia de expresarse con voz propia.

Jessie James é un autor de libros infantís que vive nas montañas de South Downs, Reino Unido. Escribiu para editoriais como New Frontier, Skyhorse ou DK, ás veces baixo pseudónimo. Entre outras obras, publicou o coñecido álbum infantil “El muro”.

Pola súa banda, Tamara Anegón é licenciada en Belas Artes e cursou o Máster en Arte e Creación, especializada en ilustración infantil. Adoita crear ilustracións para álbums, xoguetes e publicidade, destacando a súa capacidade para crear imaxes expresivas a través de xestos simples.



¡Fuera vergüenza!

de Meritxell Martí

ilustracións de Xavier Salomó

Ed. Almadraba, 2014

36 p.

ISBN 9788415207870

Idade recomendada: +4 anos

O Señor Talpus organiza unha obra de teatro, e anima a Toni e Tina a participar nela. Pero hai un problema: Toni é moi tímido, e ten demasiada vergoña para actuar. Entre todos buscarán unha solución para que Toni solucione os seus problemas de timidez.

Volume seis da colección “Toni y Tina”, unha serie protagonizada por estes dous coelliños que ensinan a xestionar mellor as emocións. Ao longo do texto intercálanse preguntas directas aos lectores e lectoras, que animan a que os nenos poidan verbalizar os seus sentimentos e emocións. Tamén se inclúe unha guía final para xestionar a emoción en cuestión, engadindo consellos e orientacións útiles para as persoas mediadoras.

Almadraba é unha editorial barcelonesa creada por profesionais do sector educativo, cunha interesante liña de literatura infantil para o ámbito escolar. Meritxell Martí i Orriols é unha prolífica escritora catalá de literatura infantil, con máis de cen títulos publicados. Ademais de escritora é editora, música, compositora, profesora, doutora pola Universidade Autónoma de Barcelona e Máster en Relaxación, Meditación e Mindfulness. Meritxell adoita traballar nas súas obras co ilustrador catalán Xavier Salomó, diplomado en Ilustración e Debuxo pola prestigiosa Escola Massana de Barcelona.



Las palabras mágicas de Wanda

de Lucy Rowland

ilustracións de Paula Bowles

Ed. Edelvives, 2020

32 p.

ISBN 9788414029657

Idade recomendada: +4 anos

